

CATALOGACIÓN

Alta e xestión de exemplares

1. INTRODUCCIÓN
2. AGREGAR ÍTEM NO MOMENTO DA CATALOGACIÓN
3. AGREGAR ÍTEM A UN REXISTRO XA EXISTENTE
4. ENGADIR ÍTEM

1. INTRODUCCIÓN

Cada un dos rexistros bibliográficos existentes no catálogo pode ter asociado un ou varios rexistros de ítem. **En Koha, un ítem é a representación de cada exemplar físico que ten a nosa biblioteca.**

O ítem ou exemplar pode asociarse ao rexistro bibliográfico no mesmo momento da catalogación ou posteriormente, localizando o exemplar e engadíndolle un ou varios ítems.

2. AGREGAR ÍTEM NO MOMENTO DA CATALOGACIÓN

Cando catalogamos un rexistro bibliográfico do que non temos aínda ningún ítem/exemplar, e prememos o botón *Gardar e editar ítems*, o sistema amosa o formulario *Engadir ítem*.

The screenshot shows the Koha web interface. At the top, there's a navigation bar with links like 'Circulación', 'Usuarios/as', 'Buscar', 'Carriño', and 'Máis'. The user is logged in as 'eva.canciorascado' with the role 'Asesoría de Bibliotecas Escolares'. Below the navigation bar is the Koha logo and a search bar. The main content area shows a breadcrumb trail: 'Inicio > Catalogación > Editar Cómo conquistar los polos de la Tierra... en un año por Loth-Ignaciuk, Agata (Rexistro #1483454) > Exemplares'. The title of the record is 'Ítems para Cómo conquistar los polos de la Tierra... en un año por Loth-Ignaciuk, Agata (Rexistro núm.1483454)'. On the left, there's a sidebar with buttons for 'Normal', 'MARC', 'ISBD', 'Exemplares', 'Reservas (0)', 'Historial de préstamos', and 'Rexistro de modificacións'. The main form is titled 'Engadir ítem' and contains several fields: '0 - Retirado' (dropdown), '1 - Perdido' (dropdown), '2 - Fonte de clasificación ou esquema' (dropdown, currently 'Universal Decimal Classification'), '4 - Estragado' (dropdown), '5 - Restricións de uso' (dropdown), '6 - Nº de rexistro' (text input), '7 - Non para préstamo' (dropdown), 'a - Localización permanente' (dropdown, currently 'Asesoría de Bibliotecas Escolares'), 'b - Localización actual' (dropdown, currently 'Asesoría de Bibliotecas Escolares'), 'c - Localización en andeis' (dropdown), 'd - Data de alta no sistema' (text input), 'e - Fonte de adquisición' (text input), 'h - Sinatura correspondente á clasificación' (text input), and 'i - Parte da sinatura que identifica ao exemplar' (text input with a copy icon).

3. AGREGAR ÍTEM A UN REXISTRO XA EXISTENTE

Para agregar un ítem a un rexistro xa existente no catálogo da nosa biblioteca, cómpre localizalo realizando unha busca (simple ou avanzada). A continuación, accedemos ao seu detalle.

Inicio > Catálogo > Buscar para 'marcos viso' con límite(s): 'homebranch:CEL009'

Refina a súa busca

Autores

- Viso, Marcos (4)
- Calveiro, Marcos (2)
- CALVEIRO, MARCOS (1)
- Estévez, Xavier (1)
- García Teijeiro, Antonio (1)
- Amosar máis

Lugares

- N/A (5)
- graffiti (1)

Materias

- Amistad (1)
- Amizade (1)
- Amor - Poesía ilustrada (A partir de 8 anos) (1)
- Amor a la lectura (1)
- Animais - Poesía ilustrada (A partir de 8 anos) (1)
- Amosar máis

Nivel académico

- 5º-6º Primaria (3)
- N/A (1)
- 1º-2º Primaria (1)
- 3º-4º Primaria (1)

Colección

- El duende verde (1)
- Merlín (1)
- Merlín (Xerais) (1)
- N/A (1)
- Rañaceos (1)
- Amosar máis

6 resultados atopados para 'marcos viso' con límite(s): 'homebranch:CEL009' en Catálogo EDUBIB.

✓ Seleccionar todo | ✕ Limpar todo | Non resaltar | [Agregar ao carrito](#) | [Engadir á lista](#) | [Facer reserva](#) | [Busca Z39.50/SRU](#) | [Ordenar](#)

Resultados	Localización
☐ 1. Vaite xa! / Marcos Viso Viso, Marcos Publicación: Vigo : Xerais 2015 Descrición física: 35 p. : il. cor ; 21 cm Nivel académico: 1º-2º Primaria Edición: 1ª ed. ISBN: 9788499149646 Non se permiten reservas Agregar ao carrito Editar rexistro Editar exemplares	1 ítem, 1 dispoñible: - Asesoría de Bibliotecas Escolares Sala préstamo [82-N VIS vai] (1) - Prestable
☐ 2. 3L 4S3S1N4T0 D3L PR0F3S0R D3 M4T3M4T1C4S / Jordi Sierra i Fabra ; ilustración, Pablo Nuñez Sierra i Fabra, Jordi Publicación: Madrid : Anaya 2000 Descrición física: 169 p. : il. col ; 19cm Edición: 36 ISBN: 8420712868 Non se permiten reservas Agregar ao carrito Editar rexistro Editar exemplares	5 ítems, 5 dispoñible: - Asesoría de Bibliotecas Escolares Maletas viaxeiras [82 SIE 3] (2) - Prestable - Asesoría de Bibliotecas Escolares Maletas viaxeiras [82 SIE ase] (2) - Prestable - Asesoría de Bibliotecas Escolares Sala préstamo [82 SIE ase] (1) - Prestable
☐ 3. Unha casaña branca / Marcos Calveiro ; ilustracións de Marcos Viso Calveiro, Marcos Publicación: Vigo : Xerais 2015 Descrición física: 128 p. : il. cor ; 20cm Nivel académico: 3º-4º Primaria Edición: 1ª ISBN: 978-84-9914-915-8 Non se permiten reservas Agregar ao carrito Editar rexistro Editar exemplares	1 ítem, 1 dispoñible: - Asesoría de Bibliotecas Escolares Sala préstamo [82 CAL cas] (1) - Prestable
☐ 4. Paseniño, paseniño / Antonio García Teijeiro	4 ítems, 4 dispoñible: Asesoría de Bibliotecas Escolares Maletas

Na pantalla *Detalle* do rexistro bibliográfico, preme no botón *Novo* e escolle a opción *Novo ítem*.

[Volver aos resultados](#)

« Previo

Seguinte »

Novo rexistro

Novo ítem

Normal

MARC

ISBD

Exemplares

Reservas (0)

Historial de préstamos

Rexistro de modificacións

+

Novo

✎

Editar

💾

Gardar

➕

Agregar a

🖨

Imprimir

📄

Facer reserva

Validado

Vaite xa! / Marcos Viso

Autor(es): Viso, Marcos [autor/a].

Tipo: Libro

Editor: Vigo : Xerais , 2015

Edición: 1ª ed.

Descrición: 35 p. : il. cor ; 21 cm.

ISBN: 9788499149646.

Materia(s): Emigración | Osos | Relacións sociais | Desemprego

Recursos en liña: [Faga clic para acceso en liña](#)

Vista previa MARC: [Mostrar](#)

Existencias

Descricións

Detalles de adquisición

Activar filtros

Tipo de ítem	Localización actual	Biblioteca de orixe	Sinatura	Estado	Última vez visto	Código de barras
Prestable	Asesoría de Bibliotecas	Asesoría de Bibliotecas	82-N VIS	Dispoñible	16/12/2019	CEL009000001040

O sistema mostrará a pantalla *Ítems* do rexistro bibliográfico, na que figura:

- A información sobre os ítems asociados ao rexistro xa existentes.
- O formulario *Engadir ítem*.

Ítems para Vaite xa! por Viso, Marcos (Rexistro núm.52646)

Buscar

Visibilidade da columna

Excel

CSV

Copiar

Imprimir

	Retirado	Perdido	Fonte de clasificación ou esquema	Estragado	Nº de rexistro	Non para préstamo	Localización permanente	Localización actual	Localización en andeis	Data de alta no sistema
Accións			udc		1040		Asesoría de Bibliotecas Escolares	Asesoría de Bibliotecas Escolares	Sala préstamo	2016-05-09

táboa cos ítems xa existentes

Normal

MARC

ISBD

Exemplares

Reservas (0)

Historial de préstamos

Rexistro de modificacións

Engadir ítem

0 - Retirado

1 - Perdido

2 - Fonte de clasificación ou esquema

4 - Estragado

5 - Restricións de uso

6 - Nº de rexistro

7 - Non para préstamo

a - Localización permanente

b - Localización actual

c - Localización en andeis

d - Data de alta no sistema

formulario para engadir un novo ítem

XUNTA DE GALICIA

BIBLIOTECAS ESCOLARES DE GALICIA

4

4. ENGADIR ÍTEM

Para crear o novo ítem asociado a un rexistro bibliográfico, é necesario cumprimentar os campos do formulario *Engadir ítem*.

Engadir ítem

0 - Retirado	
1 - Perdido	
2 - Fonte de clasificación ou esquema	Universal Decimal Classification x
4 - Estragado	
5 - Restricións de uso	
6 - Nº de rexistro	
7 - Non para préstamo	
a - Localización permanente	Asesoría de Bibliotecas Escolares
b - Localización actual	Asesoría de Bibliotecas Escolares
c - Localización en andeis	
d - Data de alta no sistema	
e - Fonte de adquisición	
h - Sinatura correspondente á clasificación	
i - Parte da sinatura que identifica ao exemplar	
o - Sinatura completa	
p - Código de barras	
t - Número de volume	
u - URI	
x - Nota privada	
y - Tipo de ítem de Koha	
z - Nota pública	

☒ Autoxerar código de barras

Por defecto veñen cubertos os campos:

- **Fonte de clasificación:** Universal Decimal Classification (UCD = CDU).
- **Localización permanente:** o nome do noso centro.
- **Localización actual:** o nome do noso centro.

Os campos que deben cubrirse ao agregar o ítem son:

- **Número de rexistro:** este campo non é necesario cubri-lo manualmente, xa que por defecto na parte inferior do formulario está marcada a opción *Autoxerar código de barras*. Isto fai que o campo se cubra automaticamente co número que lle corresponde seguindo a secuencia establecida.
- **Localización en andeis:** escoller do despregable unha das opcións dispoñibles para indicar en que localización se vai colocar o exemplar (aula, depósito, fondo histórico etc.); é dicir, aparece o que antes, en Meiga, denominabamos *Ubicación*. A diferenza de Meiga, Koha non permite editar e crear novas localizacións polo que para concretar máis a localización teremos que recorrer ao campo *Nota pública* (v. infra).
- **Data de alta no sistema:** aparece automaticamente e é visible no campo se clicamos dentro del.
- **Fonte de adquisición:** neste campo consígnase información relativa á procedencia do exemplar, imprescindible para facer estatísticas á hora de presentar memorias económicas (Orzamento centro, PLAMBE, Club de lectura, Doazón, Agasallo, Mostra editorial, EDLG, Partida extraordinaria...). Podemos concretar aquí o curso académico da partida económica e debemos estandarizar estes nomes para consignalos sempre da mesma maneira.
- **Sinatura nas súas diferentes partes:**
 - Sinatura 1: campo *h* - *Sinatura correspondente á clasificación:* cubrir seguindo a CDU simplificada para as bibliotecas escolares. Véxase o documento *Adaptación das táboas da CDU para as bibliotecas escolares galegas*, na versión abreviada e/ou estendida.
 - Sinatura 2: *i* - *Parte da sinatura que identifica ao exemplar:* temos que duplicar este campo (premendo na icona da dereita) para convertelo nas sinaturas 2 e 3 que logo coa 1 conforman o sinatura topográfica ou “tejuelo” que despois se imprime. A sinatura 2 créase en maiúscula coas 3 primeiras letras do primeiro apelido da persoa autora.

6 - Nº de rexistro	5224
7 - Non para préstamo	☐
a - Localización permanente	Asesoría de Bibliotecas Escolares
b - Localización actual	Asesoría de Bibliotecas Escolares
c - Localización en andeis	Maletas viaxeiras x
d - Data de alta no sistema	2024-04-11
e - Fonte de adquisición	
h - Sinatura correspondente á clasificación	82-N
i - Parte da sinatura que identifica ao exemplar	KAO
i - Parte da sinatura que identifica ao exemplar	car
o - Sinatura completa	82-N KAO car
p - Código de barras	CEL009000005224
t - Número de volume	
u - URI	
x - Nota privada	
y - Tipo de ítem de Koha	
z - Nota pública	Maleta Filosofía SC

☒ Autoxerar código de barras

 duplicar campo

- Sinatura 3: i - Parte da sinatura que identifica ao exemplar: escribiremos en minúscula as 3 primeiras letras da parte alfabetizada do título; é dicir: exceptuando os artigos determinados e indeterminados e as preposicións curtas (con tres ou menos letras: a, con, de, en, por...).

Nota: sobre a creación de sinaturas topográficas, casuística e exemplos véxase o documento *CDU para as bibliotecas escolares galegas*.

- **Sinatura completa:** este campo aparecerá completo automaticamente unha vez agreguemos o ítem, compoñéndose cos datos das tres sinaturas que acabamos de consignar, por iso aparece sombreado.
- **Código de barras:** este campo non é necesario cubrilo manualmente, xa que por defecto na parte inferior do formulario está marcada a opción *Autoxerar código de barras*. Isto fai que o campo se cubra automaticamente coa codificación que lle corresponde seguindo a secuencia establecida.

- **Número de volume:** é un dato que só se cubre no caso de que o ítem estea dividido en varios volumes ex. *El Quijote I e II* (de ser o caso consígnase o número total de volumes dos que se compón a obra). Non se refire ao número de volumes/exemplares que hai dun libro na nosa biblioteca, pois ese cómputo faino o sistema ao recontar os ítems.
- **URI** (*uniform resource identifier*): podemos cubrilo se queremos vincular o ítem a un enlace ao blog da biblioteca ou outra web de relevancia do centro. Cómpre ter en conta que a ligazón á información do rexistro na páxina editorial ou outra semellante xa se inclúe no proceso de catalogación do rexistro, e ese tipo de URL non sería incluída neste campo do ítem.
- **Nota privada:** podemos incluír aquí calquera indicación de tipo interna que non aparecerá no OPAC, por exemplo, sinalar algún desperfecto que ten o recurso que non impide o seu uso, pero é ben indicar para que se distinga de calquera outro desperfecto co que veña despois. Pode duplicarse tantas veces como precisemos e o seu contido vai poder rastrexarse coas buscas só na intranet.
- **Tipo de ítem de Koha:** no despregable escolleremos a opción para o exemplar que estamos agregando, o máis habitual é que sexa *Prestable* pero tamén pode ser *Club de lectura*, *Consulta en sala*, *Itinerario*, *Mochila*, *Non prestable* ou *Préstamo especial*.
- **Nota pública:** de maneira habitual usaremos este campo para consignar especificacións da localización en andeis. Así, por exemplo, se no campo *Localización en andeis* escollemos *Aula*, aquí podemos poñer en que aula concreta; se escollemos *Sala de préstamo*, podemos poñer aquí *Zona de prelectorado/0-5 anos* ou as outras franxas de idade se así identificamos os fondos. Tamén é de utilidade para, por exemplo, sinalar se a obra se empregou nalgún proxecto, PDI, itinerario lector ou contén, por exemplo, a sinatura da persoa autora. Ao ser pública, a nota vaise poder ver no OPAC da biblioteca. Pode duplicarse tantas veces como precisemos e o seu contido vai poder rastrexarse coas buscas na intranet e na OPAC.

Nota: todas as informacións textuais que engadamos nestes campos deben ser estandarizadas na nosa biblioteca e usadas da mesma maneira por todas as persoas que cataloguen. É recomendable facer unha listaxe de opcións que teñamos recollida

canda outros materiais de catalogación. Por exemplo, a denominación das aulas ou das zonas dentro da sala de préstamo.

Logo de cumprimentar os campos anteriores, podemos indicar se agregamos varios ítems do mesmo título. Comprobamos que aparece marcada o checkbox *Autoxerar código de barras* e xa obtemos tantos números de rexistro como ítems agregados.

☒ Autoxerar código de barras

Número de copias que hai que agregar:

O código de barras que introduza incrementárase para cada exemplar adicional.

Na parte inferior da pantalla, atópanse os botóns coas opcións dispoñibles:

- **Agrega ítem:** crea o ítem cos datos consignados no formulario.
- **Agrega e duplica:** crea o ítem cos datos consignados e abre de novo o formulario cos mesmos datos, para crear un novo ítem igual (teremos que borrar o contido dos campos *Nº de rexistro* e *Código de barras* para que nos asigne un específico para este exemplar).
- **Agrega varias copias do ítem:** o sistema pregunta cantas copias se queren engadir. Creará tantos ítems como se indique, asignándolle a cada un deles un número de rexistro e un código de barras diferente de forma automática.

6 - N° de rexistro	5238
7 - Non para préstamo	
a - Localización permanente	Asesoría de Bibliotecas Escolares
b - Localización actual	Asesoría de Bibliotecas Escolares
c - Localización en andeis	Maletas viaxeiras
d - Data de alta no sistema	2024-04-17
e - Fonte de adquisición	
h - Sinatura correspondente á clasificación	82-N
i - Parte da sinatura que identifica ao exemplar	ERL
i - Parte da sinatura que identifica ao exemplar	pat
o - Sinatura completa	82-N ERL pat
p - Código de barras	
t - Número de volume	
u - URI	
x - Nota privada	
y - Tipo de ítem de Koha	
z - Nota pública	Maleta Filosofía PO

☒ Autoxerar código de barras

Por último, cabe sinalar que os campos 0. Retirado, 1. Perdido, 4. Estragado, 5. Restricións de uso e 7. Non para préstamo son específicos para sinalar tales circunstancias, varias delas só sinalables en momentos posteriores (por exemplo, en caso de expurgo) pero non cando se agrega o ítem.

Engadir ítem

0 - Retirado	
1 - Perdido	
2 - Fonte de clasificación ou esquema	Universal Decimal Classification x
4 - Estragado	
5 - Restricións de uso	
6 - Nº de rexistro	5238
7 - Non para préstamo	
a - Localización permanente	Asesoría de Bibliotecas Escolares
b - Localización actual	Asesoría de Bibliotecas Escolares
c - Localización en andeis	Maletas viaxeiras x
d - Data de alta no sistema	2024-04-17
e - Fonte de adquisición	
h - Sinatura correspondente á clasificación	82-N
i - Parte da sinatura que identifica ao exemplar	ERL
i - Parte da sinatura que identifica ao exemplar	pat
o - Sinatura completa	82-N ERL pat

Crear un novo ítem/exemplar duplicando un xa existente

Se xa temos algún ítem/exemplar dun rexistro bibliográfico e desexamos crear outro máis sen ter que cumprimentar todos os campos da pantalla *Engadir ítem* dende cero, debemos seguir os pasos que se detallan a continuación:

1.- Accedemos ao rexistro bibliográfico.

Circulación Usuarios/as Buscar Carrño Máis eva.canciorascado Asesoría de Bibliotecas Escolares Axuda

koha

Introduza palabras clave para a busca:

Préstamo Devolución Renovar **Buscar no catálogo** Enviar

Inicio > Catálogo > Detalles para Nós estamos aquí : Apuntamentos para vivirmos no planeta Terra / Oliver Jeffers

+ Novo Editar Gardar Agregar a Imprimir Facer reserva

Validado

Nós estamos aquí : Apuntamentos para vivirmos no planeta Terra / Oliver Jeffers

Autor(es): Jeffers, Oliver [autor/a].
 Autor(es) adicional(ais): Jeffers, Oliver [ilustrador/a]; Villán, Óscar [adaptador/a]; Sáez, Laura [tradutor/a]; Pazos, Mónica [tradutor/a]; Fernández, Saleta [tradutor/a].

Tipo: Libro
 Editor: Pontevedra : Patasdepeixe , 2021

Edición: 2ª ed.
 Descripción: 39 p. : il. cor ; 29 cm.
 ISBN: 9788494634178.
 Materia(s): Ecoloxía | Natureza | Sistema Solar | Tolerancia | Multiculturalidade
 Recursos en liña: Faga clic para acceso en liña
 Vista previa MARC: Mostrar

Existencias Descricións Detalles de adquisición

Activar filtros

Tipo de item	Localización actual	Biblioteca de orixe	Sinatura	Estado	Última vez visto	Código de barras	Datos do exemplar	Notas públicas	Notas privadas
Mochila 2	Asesoría de Bibliotecas Escolares	Asesoría de Bibliotecas Escolares	55 JEF nós	Non disponible	22/07/2024	CEL009000005480		Maleta Literatura de non ficción EP SC	
Mochila 2	Asesoría de Bibliotecas	Asesoría de Bibliotecas	55 JEF nós	Non disponible	22/07/2024	CEL009000005481		Maleta Literatura	

2.- Clicamos en *Editar* > *Editar exemplares* e accedemos á pantalla *Ítems* para ese rexistro bibliográfico e, debaixo da táboa, a pantalla *Engadir ítems*.

Circulación Usuarios/as Buscar Carrño Máis eva.canciorascado Asesoría de Bibliotecas Escolares Axuda

koha

Introduza palabras clave para a busca:

Préstamo Devolución Renovar **Buscar no catálogo** Enviar

Inicio > Catálogo > Detalles para Nós estamos aquí : Apuntamentos para vivirmos no planeta Terra / Oliver Jeffers

+ Novo **Edit** Gardar Agregar a Imprimir Facer reserva

Editar rexistro
Editar exemplares
 Adxuntar ítem
 Cargar imaxe de cuberta a Qlees
 Editar como novo (duplicar)
 Sustituir rexistro vía Z39.50/SRU
 Eliminar rexistro

Validado

Nós estamos aquí : Apuntamentos para vivirmos no planeta Terra / Oliver Jeffers

Autor(es): Jeffers, Oliver [autor/a].
 Autor(es) adicional(ais): Jeffers, Oliver [ilustrador/a]; Villán, Óscar [adaptador/a]; Sáez, Laura [tradutor/a]; Pazos, Mónica [tradutor/a]; Fernández, Saleta [tradutor/a].

Tipo: Libro
 Editor: Pontevedra : Patasdepeixe , 2021

Edición: 2ª ed.
 Descripción: 39 p. : il. cor ; 29 cm.
 ISBN: 9788494634178.
 Materia(s): Ecoloxía | Natureza | Sistema Solar | Tolerancia | Multiculturalidade
 Recursos en liña: Faga clic para acceso en liña
 Vista previa MARC: Mostrar

Existencias Descricións Detalles de adquisición

Activar filtros

Tipo de item	Localización actual	Biblioteca de orixe	Sinatura	Estado	Última vez visto	Código de barras	Datos do exemplar	Notas públicas	Notas privadas
Mochila 2	Asesoría de Bibliotecas Escolares	Asesoría de Bibliotecas Escolares	55 JEF nós	Non disponible	22/07/2024	CEL009000005480		Maleta Literatura de non ficción EP SC	
Mochila 2	Asesoría de Bibliotecas	Asesoría de Bibliotecas	55 JEF nós	Non disponible	22/07/2024	CEL009000005481		Maleta Literatura	

3.- Na táboa de ítems existentes escollemos aquel exemplar coa información que máis se adecúe ao exemplar novo que imos engadir (por exemplo: se un dos ítems existentes ten consignado en *Localización en andeis Aula* e outro *Sala préstamo*, e o novo ítem estará ubicado tamén nunha aula, duplicamos o ítem que teña o campo *Localización en andeis Aula* e así logo só modificaremos a concreción de aula no campo *Nota pública*). Unha vez escollido o ítem que queremos duplicar como novo, clicamos en *Accións > Duplicar*.

Inicio > Catalogación > Editar Nós estamos aquí por Jeffers, Oliver (Rexistro #1116049) > Exemplares

Ítems para Nós estamos aquí por Jeffers, Oliver (Rexistro núm.1116049)

Buscar:	Visibilidade da columna	Excel	CSV	Copiar	Imprimir				
Retirado	Perdido	Fonte de clasificación ou esquema	Estragado	Nº de rexistro	Non para préstamo	Localización permanente	Localización actual	Localización en andeis	Data de alta no sistema
Accións		udc		5480		Asesoría de Bibliotecas Escolares	Asesoría de Bibliotecas Escolares	Maletas viaxeiras	2024-07-22
Editar									
Duplicar									
Imprimir texuelo		udc		5481		Asesoría de Bibliotecas Escolares	Asesoría de Bibliotecas Escolares	Maletas viaxeiras	2024-07-22
Borrar									
Accións		udc		5482		Asesoría de Bibliotecas Escolares	Asesoría de Bibliotecas Escolares	Maletas viaxeiras	2024-07-22

4.- Abrirase a pantalla *Engadir ítem* coa copia do ítem orixe. Debemos borrar manualmente o contido dos campos *Nº de rexistro* e *Data de alta no sistema* (volvendo a clicar nese campo baleiro despois para que apareza a nova data). Modificamos así mesmo o contido dos campos que consideremos oportuno (por exemplo: *Fonte de adquisición* se foi adquirido con outra partida orzamentaria diferente ao ítem orixe ou *Nota privada*, *Tipo de ítem de Koha* ou *Nota pública* se así o require o novo exemplar) e por último prememos en *Engadir ítem*.

Engadir ítem

0 - Retirado	
1 - Perdido	
2 - Fonte de clasificación ou esquema	Universal Decimal Classification x
4 - Estragado	
5 - Restricións de uso	
6 - Nº de rexistro	5480 borrar
7 - Non para préstamo	
a - Localización permanente	Asesoría de Bibliotecas Escolares
b - Localización actual	Asesoría de Bibliotecas Escolares
c - Localización en andeis	Maletas viaxeiras x
d - Data de alta no sistema	2024-07-22 borrar e consignar nova data
e - Fonte de adquisición	
h - Sinatura correspondente á clasificación	55
i - Parte da sinatura que identifica ao exemplar	JEF
i - Parte da sinatura que identifica ao exemplar	nós
o - Sinatura completa	55 JEF nós
p - Código de barras	
t - Número de volume	
u - URI	
x - Nota privada	
y - Tipo de ítem de Koha	
z - Nota pública	Maleta Literatura de non ficción EP SC

☒ Autoxerar código de barras

Engadir ítem Agregar e duplicar Engadir varias copias do ítem

En resumo, esta é a pantalla específica dos ítems/exemplares cos que contamos no noso centro, na nosa biblioteca, por iso é onde podemos facer comentarios concretos, a diferenza do rexistro que é o nivel bibliográfico común para tódalas bibliotecas escolares. **Todo o que se modifique no nivel de catalogación/registro aféctanos a todas as persoas usuarias da rede de bibliotecas escolares galegas, por iso debemos ser rigorosos e profesionais á hora de cumprimentar os seus campos.**